O NUMANCIA PARTICIPARÁ NAS TRES CATEGORÍAS Galicia de Caranza (alevíns), Cebarca (benxamíns) e San Sadurniño (prebenxamíns) serán os clubs que acollerán estes torneos. Ares, 8 de abril de 2017. Publicamos a información enviada pola Delegación de Fútbol de Ferrol:

“A Xunta Directiva da Delegación de Ferrol decidiu este xoves que as sés dos torneos de Convivencia desta temporada 2016/17 sexan estas:

Alevín: Galicia Caranza.

Benjamín: UD Cebarca.

Prebenjamín: CD San Sadurniño.

Todos os torneos se celebrarán 0 14 de Maio.

Ata o 17 de abril os equipos poderán notificar a súa NON participación. No caso de non ter recibida comunicación ao respecto, entenderemos que participan todos os implicados.

O sorteo dos grupos de competición levarase a cabo o próximo mércores 19 de abril, ás 11.30 h. (pola tarde a sala de xuntas está ocupada pola formación de adestradores).

Agradecemos a todos aqueles clubs que se postularon como aspirantes á organización dos torneos.”

Lembramos que no Plan Competicional desta temporada xa se indicaba que neste Torneos de Convivencia participarían só os equipos de determinados grupos: Alevíns: os equipos dos grupos 1º, 2º, 3º e 4º.

Benxamíns: os equipos dos grupos 1º e 2º.

Prebenxamíns: os equipos do grupo 1º.

Por tanto, o Numancia poderá participar neste torneo nas tres categorias, ao estar clasificados todos os seus equipos no grupo 1º.